



Ven ao Paradai  
este ano coñecemos moitos sitios  
Ghana, Paraguay,  
Rumanía, Pakistán e Puerto Rico.

Con contacontos, e o teatro  
nanas do mundo e bandeiras á esgallo  
danzas do mundo, no mes do Antroido  
actividades do alumnado deste Paradai  
onde me educan e me queren tanto  
aprendendo que hai que convivir  
sabendo de ti, sabendo de mín.  
Do alumnado deste Paradai  
onde me educan e me queren tanto  
aprendendo que hai que convivir  
sabendo de ti, sabendo de mín.

Moito aprendín,  
de comidas e de xogos de outros lares,  
non son coma ti,  
pero gústasme porque eres diferente.

Etnia xitana, nenas de china,  
en un colexio que viaxa polo mundo,  
aeroportos, e os galegos,  
actividades do alumnado deste Paradai  
onde me educan e me queren tanto  
somos xente de bo convivir  
sabendo de ti, sabendo de mín.

Do alumnado deste Paradai  
onde me educan e me queren tanto  
aprendendo que hai que convivir  
sabendo de ti, sabendo de mín.

Que este colexio, é o mellor que hai na zona,  
falamos en galego, en urdu ou yoruba,  
xantamos un cocido, unha pizza, unhas papas,  
bailamos a muiñeira, e tamén a bachata.  
Cantamos uns fados, ou botamos un tango  
tiram os trompos ou brincamos coa corda,  
mirar contos do mundo tamén nos apaixona  
e como nos vestimos xa depende da moda

Imos, imos, imos para a escola,  
ai mi madriña imos cedo para a escola  
quero xogar e aprender dos compañeiros  
que ben son de aquí ou ben son de fora.  
Imos, imos, imos para a escola,,  
ai mi madriña imos cedo para a escola  
pa que estudemos, e cantemos e almorcemos  
e logo despois, para a hora lectora.

Etnia xitana, nenas chinesas,  
en un colexio que viaxa polo mundo,  
aeroportos, e os galegos,  
actividades do alumnado deste Paradai  
onde me educan e me queren tanto  
**somos xente de bo convivir**  
sabendo de ti, sabendo de mín.

Do alumnado deste Paradai  
onde me educan e me queren tanto  
**somos xente de bo convivir**  
sabendo de ti, sabendo de mín.